



SECTOR  
VITIVINÍCOLA

INFORME SECTORIAL 8

# Estimación do impacto socioeconómico das DOP vitivinícolas de Galicia



*Fundación Juana de Vega*  
**2023**



Fundación  
Juana de Vega



# Estimación do impacto socioeconómico das DOP vitivinícolas de Galicia

## 1. Contextualización: a cadea vitivinícola na economía de Galicia

### 1.1. Metodoloxía e fontes estatísticas

#### a. Delimitación da cadea produtiva vitivinícola; actividades consideradas

Nos cálculos que se ofrecen a continuación só se considera a viticultura e a industria vitivinícola. Nunha visión máis ampla da cadea produtiva cabería incluír outras actividades: as que subministran insumos correntes, maquinaria e outros bens de capital fixo tanto ás explotacións vitícolas como ás adegas; as actividades de transporte, comercialización e distribución final dos produtos da cadea. Mesmo se poderían computar actividades económicas inducidas, como o enoturismo.



b. Resumo da metodoloxía e fontes estatísticas

Establecida esa delimitación, non se conta con datos estatísticos referidos especificamente á produción, o Valor Engadido Bruto (VEB) e o emprego xerado polas explotacións vitícolas e as industrias vitivinícolas; polo que é preciso recorrer a estimacións indirectas.

O procedemento que se segue está organizado en tres etapas:

- i. Pártese dos datos das Contas Económicas de Galicia publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), referidos ás macromagnitudes do sector agrario e da industria agroalimentaria; e dentro desta última as cifras da subrama “Fabricación de bebidas”.
- ii. A partir das diversas fontes dispoñibles calcúlase a parte do sector agrario que corresponde á viticultura, e tamén a proporción que supoñen as industrias vitivinícolas (a elaboración de viño) dentro da “Fabricación de bebidas”.
- iii. Aplicando esas porcentaxes ás cifras sinaladas no punto i) estímase a produción, o VEB e o emprego xerados pola viticultura, as adegas e o conxunto da cadea produtiva vitivinícola.

## **1.2. Detalle dos cálculos realizados**

No cadro 1.1 pode verse o peso que ten na economía galega o complexo de produción agroalimentario, o conxunto formado polo sector agrario (Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados) e a industria agroalimentaria (rama de Alimentación, bebidas e tabaco, excluídos os derivados da pesca). Segundo os últimos datos publicados polo IGE, este complexo xeraba en 2020 o 8,21% da produción total da economía de Galicia, o 5,64% do VEB e o 6,06% do emprego.



Cadro 1.1. Peso do complexo agroalimentario na economía galega 2020

	Produción	Valor Engadido Bruto (VEB)	Emprego
1. Sector agrario (Agricultura, gandería e caza)	3.874.213	1.835.416	42.249
2. Industria agroalimentaria*	5.542.255	1.193.107	21.567
- Fabricación de bebidas	957.367	384.967	3.138
Complejo agroalimentario (1+2)	9.416.468	3.028.523	63.816
Total economía galega	114.747.925	53.677.146	1.052.481
Complejo agroalimentario/ Total economía galega (%)	8,21%	5,64%	6,06%
Fabricación de bebidas/ Industria agroalimentaria (%)	17,27%	32,27%	14,55%

\* Industria de alimentación, bebidas e tabaco, excluída a pesqueira (Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos).

**Fonte:** Elaboración propia a partir de IGE. Contas económicas de Galicia. Revisión Estadística 2020.

Para estimar a parte do sector agrario que corresponde á viticultura cóntase con dúas fontes estatísticas: os datos sobre a composición da produción agraria ofrecidos nas Contas económicas da agricultura publicadas os últimos anos polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA); e as cifras procedentes dos Censos agrarios e as *Encuestas sobre la Estructura de las Explotaciones Agrarias*.

Segundo os datos máis recentes da primeira das fontes, as uvas e o viño e mosto supoñían en 2020 o 3,15% do valor da produción agraria de Galicia (cadro 1.2).

Cadro 1.2. Datos sobre o peso da viticultura no valor da produción agraria de Galicia 2020

	Produción a prezos básicos (miles de euros)
1. Viño e mosto	7.861,8
2. Uvas	109.945,6
3. Uvas, viño e mosto (1+2)	117.807,5
4. Produción total da rama agraria (agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados)	3.737.552,8
<b>Uvas, viño e mosto/ Total rama agraria (3/4) (%)</b>	<b>3,15%</b>



Como fonte alternativa para estimar o peso actual da viticultura no sector agrario galego pódese empregar a Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrarias de 2016 (EEEA 2016). De acordo cos seus resultados, as explotacións especializadas nesta rama (as pertencentes á Orientación Técnico Económica 35 Viticultura) supoñían en 2016 o 3,48% do total, contaban co 3,18% do emprego agrario e xeraban o 1,95% do valor da produción do sector. Os datos do Censo Agrario 2020 non son estritamente comparables cos anteriores, debido aos cambios metodolóxicos. Con esa advertencia, esta fonte indica que en 2020 as explotacións pertencentes á OTE 35 Viticultura supoñían o 17,14% das contabilizadas no agro galego e xeraban o 4,15% do valor da produción agraria. Sendo de salientar que a grande maioría das explotacións, e sobre todo do valor da produción, corresponde a viños con denominación de orixe (cadro 1.3).

**Cadro 1.3. Distribución das explotacións agrarias por Orientacións Técnico-Económicas (OTE). Peso das explotacións especializadas na viticultura**

GALICIA 2016						
Orientación Técnico Económica (OTE)	Nº de explotacións	Emprego (UTA)	Superficie agraria (SAU) (ha)	Produción estándar (miles de euros)	Produción/ ha de SAU (euros)	Produción/ explotación (euros)
35 Viticultura	2.648	2.308	8.116	48.241	5.943,9	18.217,9
351 Viños con denominación de orixe	1.823		5.986	46.594	7.783,8	25.559,0
352 Outros viños	825		2.130	1.647	773,2	1.996,4
<b>Total explotacións agrarias</b>	76.042	72.648	621.080	2.468.551	3.974,6	32.463,0
35 Viticultura/ Total explotacións (%)	3,48%	3,18%	1,31%	1,95%		
GALICIA 2020						
35 Viticultura	12.933		11.666	99.482	8.527,5	7.692,1
351 Viños con denominación de orixe	9.156		8.777	94.900	10.812,4	10.364,8
352 Outros viños	3.777		2.889	4.582	1.586,0	1.213,1
<b>Total explotacións agrarias</b>	75.451		597.993	2.398.855	4.011,5	31.793,5
35 Viticultura/ Total explotacións (%)	17,14%		1,95%	4,15%		

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas 2016 e INE, Censo Agrario 2020.



Polo tanto, podemos concluír que a viticultura achega en Galicia en 2020 o 3,15% da produción agraria segundo as contas económicas do sector e o 4,15% tomando os datos do Censo Agrario 2020. Nós imos reter esta última porcentaxe.

No que respecta ao emprego, dado que os resultados publicados do Censo Agrario 2020 non ofrecen esta información por OTE, apoiámonos na *Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrícolas 2016*. Con esa base empírica, estimamos que a viticultura supón o 4,15% da produción e o 6,77% do emprego do sector agrario galego<sup>1</sup>. Por outro lado, para a ratio VEB/produción tómanse os resultados referidos ás explotacións vitícolas de Galicia incluídas na Red Contable Agraria Nacional (RECAN) que para o ano 2020 e para a OTE 35 de Explotacións especializadas en viticultura é de 0,85. Estas son as hipóteses retidas para as estimacións sobre as principais magnitudes da viticultura (produción, VEB e emprego) que se ofrecen máis adiante (cadro 1.6).

No que respecta á industria vitivinícola, cóntase como punto de partida cos datos das Contas Económicas de Galicia do IGE para a subrama “Fabricación de bebidas”.

Partindo diso, queda por precisar que parte corresponde á elaboración de viño. Unha primeira fonte para estimar isto é a *Encuesta industrial de productos* do Instituto Nacional de Estadística (INE), segundo a cal a elaboración de viño vén supoñendo nos últimos anos ao redor do 15% da produción da subrama “Fabricación de bebidas” (cadro 1.4).

---

<sup>1</sup> Os datos da EEEA 2016 indican que a OTE 35 Viticultura supoñía o 1,95% da produción e o 3,18% do emprego (UTA). Polo tanto, o seu peso no emprego multiplicaba por 1,63 o peso na produción. No Censo agrario 2020 non temos datos de emprego por OTE. Polo tanto, partindo do peso desta OTE na produción (4,15%) supoñemos que o seu peso no emprego multiplica por 1,63 o peso na produción (a relación constatada na EEEA 2016). Deste modo, temos o peso da OTE no emprego no censo:  $4,15\% * 1,63 = 6,77\%$



**Cadro 1.4. Producción da subrama "Fabricación de bebidas" desagregada por produtos. Galicia 2009-2020 (miles de euros)**

Ano	11.01 Destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas	11.02 Elaboración de viño	11.04 Elaboración doutras bebidas non destiladas, procedentes da fermentación	11.05 Cervexa	11.07 Fabricación de bebidas non alcohólicas; augas minerais e outras augas embotelladas	11 Bebidas	Elaboración de viño/ Bebidas (%)
2009	37.408	<b>74.664</b>	x	136.568	306.213	<b>556.203</b>	<b>13,4%</b>
2010	12.805	<b>77.796</b>	x	144.872	295.009	<b>531.686</b>	<b>14,6%</b>
2011	12.768	<b>77.444</b>	x	153.152	288.554	<b>533.281</b>	<b>14,5%</b>
2012	12.102	<b>90.519</b>	x	x	263.147	<b>532.053</b>	<b>17,0%</b>
2013	12.443	<b>86.508</b>	x	x	239.489	<b>536.699</b>	<b>16,1%</b>
2014	14.156	<b>90.127</b>	x	x	292.650	<b>635.495</b>	<b>14,2%</b>
2015	16.816	<b>97.987</b>	x	x	234.178	<b>629.417</b>	<b>15,6%</b>
2016	20.445	<b>105.323</b>	x	x	235.297	<b>689.364</b>	<b>15,3%</b>
2017	17.537	<b>118.814</b>	x	x	243.531		
2018	21.331	<b>129.662</b>	829	x	225.697	<b>873.527</b>	<b>14,8%</b>
2019	32.496	<b>139.029</b>	946	x	226.522	<b>953.009</b>	<b>14,6%</b>
2020	26.094	<b>132.247</b>	994	x	185.017	<b>882.517</b>	<b>15,0%</b>

**Notas aclaratorias:**

- A *Encuesta Industrial* de produtos cubre como mínimo o 90% da produción de cada actividade a 4 díxitos da CNAE 2009. Inclúe a produción nos establecementos industriais con 20 ou máis empregados e unha mostra dos de menos de 20 empregados nos casos necesarios para asegurar o mínimo do 90%.

- (X) Segredo estatístico.

**Fonte:** IGE: Explotación microdatos da Encuesta industrial de produtos (EIP, INE).

Porén, a metodoloxía desa fonte (sobre todo o feito de centrarse nos establecementos de 20 ou máis empregados<sup>2</sup>) leva probablemente a subestimar o peso da industria vitivinícola. Neste aspecto considéranse máis fiables os datos do Marco Input-Output de Galicia 2018, que indican que o viño supón ao redor de 1/5 (20,98%) da produción da subrama "Fabricación de bebidas" (cadro 1.5). En consecuencia, é esta porcentaxe a que se retén para estimar as macromagnitudes da industria vitivinícola.

<sup>2</sup> Ver as notas aclaratorias no cadro 1.4.



Cadro 1.5. Principais produtos da subrama de Fabricación de bebidas. Galicia 2018

	Produción a prezos básicos (miles de euros)	% sobre o total
Viño	182.135,0	20,98%
Outras bebidas alcohólicas	438.082,0	50,45%
Augas minerais e bebidas sen alcohol	214.579,0	24,71%
Outros produtos	33.928,0	3,91%
<b>Total R11. Fabricación de bebidas</b>	<b>868.324,0</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE: Marco Input-Output de Galicia 2018.

Para a estimación do VEB da industria vitícola páttese da relación VEB/produción na rama de “Fabricación de Bebidas” que para o ano 2020 foi segundo as Contas Económicas de Galicia de 0,40. Este rateo increméntase para o calculo do VEB na industria vitivinícola a 0,46 por considerar por outras fontes que a rateo é algo superior.

### 1.3. Resultados da estimación: produción, VEB e emprego da cadea vitivinícola

Os resultados finais da estimación realizada con base nos datos anteriores aparecen recollidos no cadro 1.6 e poden resumirse así:

- A cadea de produción vitivinícola xeraba en 2020 en Galicia unha produción de 361,6 millóns de euros, un VEB de 229,1 millóns e ao redor de 4.300 postos de traballo.
- Iso supón o 7,6% do VEB e o 6,8% do emprego do complexo agroalimentario. E algo máis do 0,4% do VEB e do emprego total da economía galega.
- Dos dous compoñentes da cadea, a industria vitivinícola achega preto do 41% do VEB, mentres que en termos de emprego ten moita maior relevancia a viticultura, que xera 2/3 dos postos de traballo da cadea produtiva.

**Cadro 1.6. Estimación da produción, o VEB e o emprego da cadea vitivinícola e do seu peso no complexo agroalimentario e no conxunto da economía galega 2020**

	Produción (miles de euros)	Valor Engadido Bruto (VEB) (miles de euros)	Emprego (nº de postos de traballo)
1. Viticultura (explotacións vitícolas)	160.780	136.666	2.860
2. Industria vitivinícola	200.856	92.392	1.450
3 Cadea vitivinícola (1+2)	361.635	229.058	4.310
Complexo agroalimentario (1+2)	9.416.468	3.028.523	63.816
Total economía galega	114.747.925	53.677.146	1.052.481
<b>Cadea vitivinícola/ Total economía galega (%)</b>	<b>0,32%</b>	<b>0,43%</b>	<b>0,41%</b>
<b>Cadea vitivinícola/ Complexo agroalimentario (%)</b>	<b>3,84%</b>	<b>7,56%</b>	<b>6,75%</b>

Cálculos: Viticultura: Produción= 4,15%\*3.874.213 (sector Agrario); VEB= 160.780\*84%; Emprego=6,77\*42.249 (sector agrario)  
Industria vitivinícola: Produción: 957.367\* 20,98%; VEB=200.856\*46%.

**Fonte:** Elaboración propia a partir de IGE. Contas económicas de Galicia. Revisión Estatística 2020 e os datos dos cadros anteriores.

#### **1.4. Datos adicionais derivados do Marco Input-Output: produción de viño, demanda interna e comercio interrexional e internacional**

Para completar a imaxe macroeconómica da cadea vitivinícola empréganse algúns datos ofrecidos polo IGE no Marco Input-Output de Galicia, concretamente nas catro estimacións máis recentes (2008, 2011, 2016 e 2018). Da información que pode extraerse desta fonte ten especial interese a referida á produción e demanda interna; e, ligado a iso, o comercio exterior, incluíndo tanto o interrexional (co resto de España) como o internacional (co resto da Unión Europea e co resto do mundo –países de fóra da UE-).

**O feito básico a destacar é que, aínda que a situación tendeu a mellorar na última década, a produción de viño en Galicia é moi inferior á demanda interna, o que orixina unhas elevadas importacións netas. Isto non é sinalado habitualmente, ao centrar as análises no comercio internacional; peroponse de manifesto cando temos en conta tamén os fluxos interrexionais, co resto de España.**



Neste aspecto, **o dinamismo das Denominacións de Orixe posibilitou un notable crecemento das exportacións á UE e a terceiros países de viños de calidade. Pero iso acompáñase dun volume moito maior de compras netas ao resto de España, en boa parte de viños de mesa con menores prezos.** O resultado é un **saldo comercial global** (sumando o interrexional e o internacional) **claramente deficitario; o que reflicte que a cadea vitivinícola galega só é capaz de cubrir unha parte da demanda interna.**

Todo iso pode verse nos cadros 1.7 e 1.8. No quadro 1.7 obsérvase que a produción de viño obtida en Galicia alcanzaba en 2018 un valor de 230,5 millóns de euros; e desa produción case o 60% era vendida fóra da nosa Comunidade, constituíndo exportacións rexionais (ao resto de España ou a mercados internacionais). Esas exportacións acompáñanse, porén, dun volume maior de importacións, orixinando un déficit comercial duns 67 millóns de euros. **Hai que salientar, iso si, a continua e notable mellora rexistrada neste saldo comercial ao longo do último decenio:** no período 2008-2018 as exportacións galegas de viño máis que se duplicaron, ao tempo que se reduciron as importacións; o que **posibilitou que o déficit diminuíra en case 2/3, de 188,1 millóns de euros en 2008 a 67,2 millóns en 2018** (cadro 1.7).

Cadro 1.7. Producción de viño, importacións e exportacións. Galicia 2008-2018 (miles de €)

Ano	Produción interior	Importacións	Oferta total (1+2)	Exportacións	Importacións/ Oferta total	Exportacións/ Produción interior
2008	125.225	245.706	370.931	57.572	66,2%	46,0%
2011	126.452	207.277	333.729	75.487	62,1%	59,7%
2016	195.420	202.414	397.834	115.400	50,9%	59,1%
2018	230.523	203.436	433.959	136.266	46,9%	59,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE: Marco Input-Output de Galicia 2008, 2011, 2016 e 2018.

O volume e o saldo dos diferentes fluxos comerciais está recollido no quadro 1.8, do que se poden salientar os seguintes resultados:

- **Galicia rexistra un importante e crecente superávit no comercio internacional de viño**, tanto cos países da UE como co resto do mundo. Concretamente, en 2018 as exportacións netas a mercados internacionais alcanzaban os 42 millóns de euros, 12,5 millóns no comercio coa UE e 29,5 a países de fóra da UE. Unha década antes ese saldo positivo no comercio internacional non chegaba a 18 millóns.



- Iso **continúa acompañándose, porén, dun volume moito maior de compras netas procedentes do resto de España. Aínda que o saldo deficitario neste comercio interrexional tendeu a reducirse de modo significativo na última década** (desde os 206,0 millóns en 2008), en 2018 alcanzaba aínda 109,2 millóns de euros. A taxa de cobertura límitase aquí ao 46,1%; o que significa que as vendas ao resto do Estado cobren menos da metade das compras realizadas.
- O **resultado final**, como pode verse na última columna do cadro, é que o total do comercio exterior de viño de Galicia (sumando o interrexional e o internacional) presenta en 2018 unha taxa de cobertura do 67,0%; isto é, as exportacións só cobren 2/3 das importacións. En cifras absolutas rexístrase un **déficit de 67,2 millóns de euros, que equivale ao 29,1 % da produción interna**.
- Exposto noutras palabras, que quizá sexan máis claras: **o consumo de viño en Galicia multiplica aproximadamente por 1,3 a produción interna** (cadros 1.7 e 1.8).

Ese é o contexto macroeconómico no que debemos situar os datos que se aportan a continuación sobre o impacto das DOP vitivinícolas nos seus territorios.

**Cadro 1.8. Volume e saldo do comercio exterior de viño de Galicia (interrexional e internacional) 2008-2018 (miles de euros)**

Exportacións					
Ano	Resto de España	Resto da UE	Resto do mundo	Comercio internacional (2+3)	Total
2008	39.357	8.175	10.040	18.215	<b>57.572</b>
2011	50.189	9.762	15.536	25.298	<b>75.487</b>
2016	75.831	13.374	26.195	39.569	<b>115.400</b>
2018	93.546	13.136	29.584	42.720	<b>136.266</b>

Importacións					
Ano	Resto de España	Resto da UE	Resto do mundo	Comercio internacional (2+3)	Total
2008	245.383	251	72	323	<b>245.706</b>
2011	205.085	2.112	80	2.192	<b>207.277</b>
2016	201.732	648	34	682	<b>202.414</b>
2018	202.787	610	39	649	<b>203.436</b>

**Cadro 1.8. Volume e saldo do comercio exterior de viño de Galicia (interrexional e internacional) 2008-2018 (miles de euros)**

Saldo					
Ano	Resto de España	Resto da UE	Resto do mundo	Comercio internacional (2+3)	Total
2008	-206.026	7.924	9.968	17.892	<b>-188.134</b>
2011	-154.896	7.650	15.456	23.106	<b>-131.790</b>
2016	-125.901	12.726	26.161	38.887	<b>-87.014</b>
2018	-109.241	12.526	29.545	42.071	<b>-67.170</b>

Taxa de cobertura (Exportacións/ Importacións) (%)					
2008	16,0%	3257,0%	13944,4%	5639,3%	<b>23,4%</b>
2011	24,5%	462,2%	19420,0%	1154,1%	<b>36,4%</b>
2016	37,6%	2063,9%	77044,1%	5801,9%	<b>57,0%</b>
2018	46,1%	2153,4%	75856,4%	6582,4%	<b>67,0%</b>

**Fonte:** Elaboración propia a partir de IGE: Marco Input-Output de Galicia 2008, 2011, 2016 e 2018.



## 2. Estimación do impacto socioeconómico das DOP vitivinícolas nos seus territorios

### 2.1. Aproximación ao valor da produción das DOP e ao seu peso no PIB comarcal

Segundo os datos publicados pola Consellería do Medio Rural, a partir da información subministrada polos Consellos Reguladores, **o conxunto das cinco DOP vitivinícolas de Galicia obtiveron en 2020 unha colleita de 60,55 millóns de quilos de uva, que permitiron elaborar 42,78 millóns de litros de viño cualificado, cun valor económico estimado de 223,31 millóns de euros** (cadro 2.1). Estas cifras supoñen menos da metade (42,85%) da colleita total de uva para viño que se recolleu ese ano en Galicia, de acordo con datos da Consellería (141,28 millóns de quilos de uva para viño colleitada).

**Cadro 2.1. Volume e valor económico da produción e outros datos básicos das DOP vitivinícolas de Galicia 2020**

	Denominación de Orixe (D.O.P.)					Total DOP vitivinícolas Galicia
	D.O.P . Ribeiro	D.O.P . Rías Baixas	D.O.P . Valdeorras	D.O.P . Monterrei	D.O.P . Ribeira Sacra	
Viticultores	1.678	5.131	1.090	382	2.337	<b>10.618</b>
Industrias	96	178	41	27	102	<b>444</b>
Superficie inscrita (ha)	1.301	4.094	1.103	631	1.254	<b>8.383</b>
Colleita (Kg de uva)	9.543.745	34.470.166	5.536.204	5.710.550	5.286.118	<b>60.546.783</b>
Viño cualificado (litros)	8.226.060	24.029.602	3.418.721	3.599.650	3.508.134	<b>42.781.167</b>
Valor económico estimado (euros)	31.670.335	132.162.811	22.791.473	17.062.341	19.622.534	<b>223.309.494</b>
Peso de cada DO no valor económico total (%)	14,18%	59,18%	10,21%	7,64%	8,79%	<b>100,00%</b>
Valor económico/ litro (euros)	3,85	5,50	6,66	4,74	5,59	<b>5,22</b>
Viño cualificado/ industria (litros)	85.688,13	134.997,76	83.383,44	133.320,37	34.393,47	<b>96.353,98</b>
Valor económico/ industria (euros)	329.899,32	742.487,70	555.889,59	631.938,56	192.377,78	<b>502.949,31</b>



Partindo dunha información que a priori debería ser idéntica, subministrada tamén polos Consellos Reguladores, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA) publica uns resultados algo diferentes. Segundo os datos do MAPA, o volume de viño comercializado polas cinco DOP galegas alcanzou na campaña 2020-2021 unha contía (45,43 millóns de litros) moi similar ao viño cualificado que recolle a Consellería do Medio Rural. Pero o prezo medio estimado por litro alcanza de acordo con eses datos un nivel superior (5,87 fronte a 5,22 euros). E isto fai que o valor económico do viño comercializado polas cinco DOP galegas ascenda a 266,74 millóns de euros, cifra un 19% superior á indicada pola Consellería e que representa o 7,3% do total das DOP vitivinícolas españolas (cadro 2.2).

As cifras sobre o peso económico de cada unha das cinco DOP difiren algo entre unha e outra fonte, pero o panorama xeral é similar. A DOP Rías Baixas concentra o 59%-63% do valor da produción, seguida a moita distancia de O Ribeiro co 11,8%-14,2%; nun terceiro chanzo aparece Valdeorras, que se move segundo as dúas fontes arredor dun 10%; a continuación atópase Ribeira Sacra co 7,9%-8,8% e finalmente, como DOP máis pequena pero moi preto dos valores de Ribeira Sacra, está Monterrei co 7,4%-7,6%. En termos absolutos, o valor da produción alcanza entre 132,2 e 168,9 millóns de euros en Rías Baixas, 31,5-31,7 millóns na DOP Ribeiro, 19,6-21,0 millóns en Ribeira Sacra, 22,8-25,6 en Valdeorras e 17,1-19,7 en Monterrei (cadros 2.1 e 2.2). No cadro 2.3 pode verse a evolución anual no período 2007-2021.

**Cadro 2.2. Volume e valor económico da produción e outros datos básicos das DOP vitivinícolas de Galicia no contexto de España. Campaña 2020-2021**

	Denominación de Orixe (D.O.P.)					Total DOP vitivinícolas Galicia	Total DOP vitivinícolas España	DO Galicia Total DO España %
	D.O.P. Ribeiro	D.O.P. Rías Baixas	D.O.P. Valdeorras	D.O.P. Monterrei	D.O.P. Ribeira Sacra			
Viticultores	1.667	5.046	1.047	365	2.327	<b>10.452</b>	<b>106.109</b>	<b>9,9%</b>
Industrias	98	178	40	27	101	<b>444</b>	<b>4.128</b>	<b>10,8%</b>
Superficie inscrita (ha)	1.281	4.184	1.113	657	1.277	<b>8.512</b>	<b>575.261</b>	<b>1,5%</b>
Produción comercializada (hl)	77.116	269.140	36.625	41.502	29.968	<b>454.351</b>	<b>10.369.530</b>	<b>4,4%</b>
Valor económico (euros)	31.530.368	168.923.087	25.637.500	19.671.948	20.979.696	<b>266.742.599</b>	<b>3.651.910.834</b>	<b>7,3%</b>
Peso de cada DO no valor económico total (%)	11,8%	63,3%	9,6%	7,4%	7,9%	<b>100,00%</b>		
Valor económico/litro (euros)	4,09	6,28	7,00	4,74	7,00	<b>5,87</b>	<b>3,52</b>	<b>166,7%</b>
Prod. Comercializada /industria (hl)	786,9	1.512,0	915,6	1.537,1	296,7	<b>1.023,3</b>	<b>2.512,0</b>	<b>40,7%</b>
Valor económico/industria (euros)	321.738,4	949.006,1	640.937,5	728.590,7	207.719,8	<b>600.771,6</b>	<b>884.668,3</b>	<b>67,9%</b>

**Fonte:** Elaboración propia a partir de: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA) (2021): Datos de las Denominaciones de Origen Protegidas de Vinos – DOPs. Campaña 2020/2021.

**Cadro 2.3. Evolución do valor económico da produción das 5 DOP vitivinícolas de Galicia 2007-2021 (euros)**

Ano	D.O.P . Ribeiro	D.O.P . Rías Baixas	D.O.P . Valdeorras	D.O.P . Monterrei	D.O.P . Ribeira Sacra	Total DO vitivinícolas Galicia
2007	31.293.045	80.910.800	9.619.605	2.580.175	8.159.037	<b>132.562.662</b>
2008	11.525.550	82.431.006	12.395.315	3.363.450	9.157.759	<b>118.873.080</b>
2009	14.012.542	87.551.604	11.824.750	3.905.580	11.014.192	<b>128.308.668</b>
2010	20.453.366	103.148.270	10.796.450	3.919.860	10.959.667	<b>149.277.613</b>
2011	26.160.101	118.096.445	---	4.800.672	8.984.713	<b>158.041.931</b>
2012	6.535.971	88.083.059	17.690.783	5.228.220	8.898.866	<b>126.436.899</b>
2013	63.604.041	91.406.649	16.614.238	5.707.613	8.098.437	<b>185.430.978</b>
2014	63.604.041	104.361.744	15.274.350	5.258.082	11.989.033	<b>200.487.250</b>
2015	65.701.050	105.024.620	20.952.490	8.028.337	23.875.626	<b>223.582.123</b>
2016	66.466.741	111.816.071	24.579.294	11.249.466	21.514.577	<b>235.626.149</b>
2017	73.281.011	138.931.744	21.471.954	13.523.624	24.014.847	<b>271.223.180</b>
2018	41.743.259	151.247.387	19.344.600	13.739.876	27.333.600	<b>253.408.722</b>
2019	77.252.394	172.677.709	19.485.930	16.209.326	26.682.509	<b>312.307.868</b>
2020	33.838.820	149.363.480	22.237.333	15.527.292	29.106.408	<b>250.073.333</b>
2021	31.530.568	168.923.087	25.637.500	19.671.948	20.979.696	<b>266.742.799</b>
Variación 2007-2018	33,4%	86,9%	101,1%	432,5%	235,0%	<b>91,2%</b>
Variación 2013-2018	-34,4%	65,5%	16,4%	140,7%	237,5%	<b>36,7%</b>
Variación 2018-2021	-24,5%	11,7%	32,5%	43,2%	-23,2%	<b>5,3%</b>

**Fonte:** Elaboración propia a partir de: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación: Datos de las Denominaciones de Origen Protegidas de Vinos – DOPs. Campañas 2000-2001 a 2020/2021.

Quedándose cos **datos publicados polo MAPA, e calculando a media dos anos 2020-2021** para atenuar as posibles oscilacións, obtéñense as cifras recollidas no cadro 2.4. **O valor da produción das cinco DOP vitivinícolas galegas ascende a 258,4 millóns de euros: Rías Baixas achega o 61,6%, O Ribeiro o 12,6%, Ribeira Sacra o 9,7%, Valdeorras o 9,3% e Monterrei o 6,8%.**



Para estimar que parte dese montante económico corresponde ao **Valor Engadido Bruto (VEB) xerado polos axentes das DOP (viticultores e adegas)**, deducindo polo tanto o valor doutros insumos utilizados no proceso produtivo, suponse que a ratio VEB/Produción é igual en todas elas á que se obtivo para a cadea vitivinícola galega no cadro 1.6 (63,43%). Aplicando esta ratio resulta un **VEB para o conxunto das cinco DOP de 163,9 millóns de euros; 100,9 millóns achegados por Rías Baixas, 20,7 polo Ribeiro, 15,9 pola Ribeira Sacra, 15,2 por Valdeorras e 11,2 millóns por Monterrei** (cadro 2.4).

**Cadro 2.4. Valor económico da produción das 5 DOP vitivinícolas de Galicia, media 2020-2021. Estimación do VEB xerado e do seu peso no PIB total dos territorios (miles de euros)**

	D.O.P . Ribeiro	D.O.P . Rías Baixas	D.O.P . Valdeorras	D.O.P . Monterrei	D.O.P . Ribeira Sacra	Total DO vitivinícolas Galicia
a. Valor económico da produción da DOP. Media 2020-2021 (miles de euros)	32.685	159.143	23.937	17.600	25.043	<b>258.408</b>
Peso de cada DOP (%)	12,6%	61,6%	9,3%	6,8%	9,7%	<b>100,0%</b>
b. Estimación do VEB xerado polas DOP (miles de euros)	20.732	100.944	15.183	11.164	15.885	<b>163.908</b>
c. PIB global dos concellos da DOP 2020 (miles de euros)*	519.048	5.999.802	577.711	340.839	1.243.093	<b>8.680.493</b>
Peso da DOP no PIB de cada territorio (b/c) (%)	3,99%	1,68%	2,63%	3,28%	1,28%	<b>1,89 %</b>

\* No PIB do territorio da DO Ribeiro excluímos o concello de Ourense.

**Fonte:** Elaboración propia a partir de: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación: Datos de las Denominaciones de Origen Protegidas de Vinos – DOPs. Campañas 2000-2001 a 2020/2021; IGE. Produto Interior Bruto municipal. Revisión estatística 2020.



De acordo cos cálculos máis recentes publicados polo IGE sobre o Produto Interior Bruto a nivel municipal, o PIB xerado nos concellos que integran o territorio das cinco DOP vitivinícolas alcanzaba en 2020 un valor de 8.680,5 millóns de euros. En consecuencia, das estimacións realizadas despréndese que estas **DOP aportan o 1,89% do PIB dos seus territorios (cadro 2.4); un peso económico máis de catro veces superior ao que ten a cadea vitivinícola no conxunto da economía galega (0,43% do VEB; ver cadro 1.6).**

Esta última cifra non fai máis que confirmar o que cabería esperar: a forte especialización vitivinícola que presentan os territorios das cinco DOP. Como se acaba de indicar, o peso das actividades ligadas ao viño na economía destes territorios multiplica case por catro con cinco a media galega.

Ese peso económico difire, porén, de modo notable entre os territorios das cinco Denominacións de Orixe. **O valor máis elevado encóntrase no Ribeiro, onde as actividades da DOP achegan de forma directa o 3,99% do PIB comarcal. Veñen a continuación Monterrei, onde esa contribución é do 3,28%, e Valdeorras co 2,63%. En Rías Baixas, a pesar de ser con moita diferenza a DOP de maior dimensión económica (xera máis da metade da produción e do VEB das cinco DOP), o peso relativo no PIB comarcal sitúase no 1,68%.** O que se explica por dous factores: i) a inclusión de moitos concellos nos que o viñado ocupa unha parte moi pequena, case insignificante, da superficie; ii) o maior dinamismo e diversificación da base económica de boa parte do territorio, sobre todo da subzona do Salnés. **Finalmente, na Ribeira Sacra a contribución das actividades da DOP ao PIB límitase ao 1,28% (cadro 2.4);** dato condicionado tamén polo peso moi reducido da superficie de viñado na maioría dos concellos da comarca.

**En suma, pois, as actividades das cinco DOP vitivinícolas xeran en conxunto o 1,89% do PIB dos seus territorios; oscilando entre o 3,99% no Ribeiro e o 1,28% na Ribeira Sacra.** Hai que reiterar que esas cifras refírense ao VEB xerado directamente polas explotacións vitícolas e as adegas. **O impacto na economía comarcal sería moito maior se se tiveran en conta os encadeamentos con outras actividades** (as que subministran insumos intermedios e bens de capital a viticultores e adegas, as relacionadas co transporte, comercialización e distribución final do viño, e os efectos inducidos sobre a hostalería e o turismo). Pero a información dispoñible non permite cuantificar eses encadeamentos e efectos inducidos en cada un dos territorios. Por outro lado, as cifras para cada DOP esconden grandes diferenzas internas, con concellos nos que a dependencia da cadea vitivinícola é moito maior.



## 2.2. Estimación do emprego xerado polas explotacións vitícolas e as adegas e do seu peso no emprego comarcal

**Para estimar o emprego directo xerado polas cinco DOP vitivinícolas e o seu peso no emprego total tómanse como base os datos de afiliacións á Seguridade Social**, única fonte que ofrece información actualizada sobre o emprego a nivel municipal<sup>4</sup>.

No referido á industria vitivinícola, cóntase cos datos, subministrados directamente polo IGE, sobre as afiliacións á Seguridade Social na actividade CNAE 1102 - "Elaboración de viños" en empresas localizadas nos concellos de cada DOP. Estas cifras non distinguen se as empresas están ou non inscritas na DOP, polo que poden sobreestimar o emprego nas adegas da Denominación de Orixe. Pero constitúen unha aproximación máis que aceptable<sup>5</sup>.

No cadro 2.5 recóllense os datos para o período 2018-2022. Pode observarse que as contratacións presentan importantes oscilacións mensuais, cunha punta no mes de setembro, coincidindo coa vendima. Tomando as medias anuais, **o emprego nas adegas das cinco DOP situouse tanto en 2018 como en 2019 en torno a 1.125 persoas, sendo algo superior en 2020 acadando as 1.208 e superando esta cifra nos anos 2021 e 2022 onde acadan unha media anual de 1.257 e 1.300 afiliacións, respectivamente**. No seu conxunto, o emprego nas adegas incrementouse no período 2018-2022 un 15,76%. A distribución por DOP no ano 2022 mostra un panorama similar ao constatado para o valor da produción e o VEB: **a metade do emprego das adegas concéntrase en Rías Baixas (665 traballadores), seguida do Ribeiro con 239 e Ribeira Sacra con 205, Valdeorras con 122 e Monterrei con 70** (cadro 2.5).

<sup>4</sup> A fonte alternativa serían os Censos de poboación. Pero a información que estes ofrecen sobre a estrutura do emprego a nivel municipal é menos detallada, e ademais as cifras máis recentes dispoñibles con as do Censo de 2011.

<sup>5</sup> En sentido contrario, parte das persoas que traballan na elaboración de viño da DOP poden non figurar nesas cifras (por exemplo, no caso dos colleiteiros, que transforman só uva de produción propia).



**Cadro 2.5. Número de afiliacións á Seguridade Social na actividade CNAE 1102 – "Elaboración de viños" en empresas localizadas nos concellos das 5 DOP vitivinícolas**

	D.O.P . Ribeiro*	D.O.P . Rías Baixas	D.O.P . Valdeorras	D.O.P . Monterrei	D.O.P . Ribeira Sacra	Total 5 DOP
2018/Marzo	193	517	76	49	130	<b>965</b>
2018/Xuño	206	523	84	47	140	<b>1.000</b>
2018/Setembro	307	780	160	82	211	<b>1.540</b>
2018/Decembro	196	528	81	44	140	<b>989</b>
2019/Marzo	195	550	89	48	147	<b>1.029</b>
2019/Xuño	200	553	94	56	160	<b>1.063</b>
2019/Setembro	258	615	155	68	262	<b>1.358</b>
2019/Decembro	209	548	84	53	156	<b>1.050</b>
2020/Marzo	234	611	100	64	188	<b>967</b>
2020/Xuño	231	603	101	68	183	<b>959</b>
2020/Setembro	237	681	116	66	199	<b>1.034</b>
2020/Decembro	229	593	94	60	174	<b>929</b>
2021/Marzo	230	592	96	65	174	<b>1.157</b>
2021/Xuño	224	627	101	67	179	<b>1.198</b>
2021/Setembro	253	733	166	77	245	<b>1.474</b>
2021/Decembro	217	641	99	70	172	<b>1.199</b>
2022/Marzo	238	638	108	71	176	<b>1.231</b>
2022/Xuño	238	652	114	70	200	<b>1.274</b>
2022/Setembro	245	703	148	76	255	<b>1.427</b>
2022/Decembro	233	665	118	64	188	<b>1.268</b>

2018	226	587	100	56	155	<b>1.123</b>
2019	216	566	106	56	181	<b>1.125</b>
2020	233	622	103	65	186	<b>1.208</b>
2021	231	648	116	70	193	<b>1.257</b>
2022	239	665	122	70	205	<b>1.300</b>

\* Excluído o concello deOurense.

**Fonte:** IGE.

Non é posible dispoñer de información similar para a viticultura, posto que os datos da Seguridade Social non diferencian esta actividade das restantes incluídas no sector agrario. En consecuencia foi preciso recorrer a unha estimación, para a que se seguiu este procedemento:

- I. Partíuse do total de afiliacións á Seguridade Social no sector agrario nos concellos que integran o territorio das cinco DOP, en concreto a media do último ano (2022)<sup>6</sup>.

<sup>6</sup> As cifras publicadas polo IGE refírense ao conxunto do sector agricultura e pesca. Para aproximarse ao emprego no sector agrario o que se fixo foi deducir desas cifras as persoas que continúan afiliadas no Réxime especial de traballadores do mar.



- II. Para estimar a porcentaxe do emprego agrario que corresponde á viticultura das DOP utilízanse as cifras a nivel municipal do Censo agrario de 2009. Concretamente, tómase a porcentaxe da man de obra das explotacións agrarias (en Unidades de Traballo Ano, UTA) que estaba en 2009 nas explotacións con viñedo para viños de calidade.

No cadro 2.6 recóllense esas cifras do Censo agrario de 2009 para o territorio de cada DOP; e no cadro 2.7 a estimación resultante sobre o número de afiliacións á Seguridade Social en 2022 que se pode atribuír á viticultura das DOP<sup>7</sup>.

**Cadro 2.6. Peso relativo das explotacións con viñedo para viño de calidade no total de explotacións agrarias nos concellos das DOP vitivinícolas de Galicia 2009**

	Explotacións	Man de obra (UTA)	Produción (€)
<b>RIBEIRO</b>			
1. Total explotacións agrarias	1.326	1.345	28.409.528
2. Explotacións con viñedo para viño DOP	553	704	8.269.884
% Explotacións con viñedo para viño DOP (2/1)	41,7%	52,3%	29,1%
<b>RÍAS BAIXAS</b>			
1. Total explotacións agrarias	9.525	11.009	245.117.501
2. Explotacións con viñedo para viño DOP	1.558	2.216	29.488.693
% Explotacións con viñedo para viño DOP (2/1)	16,4%	20,1%	12,0%
<b>RIBEIRA SACRA</b>			
1. Total explotacións agrarias	5.934	6.822	176.963.660
2. Explotacións con viñedo para viño DOP	1.040	1.201	17.811.823
% Explotacións con viñedo para viño DOP (2/1)	17,5%	17,6%	10,1%
<b>MONTERREI</b>			
1. Total explotacións agrarias	1.072	912	16.043.976
2. Explotacións con viñedo para viño DOP	195	210	5.741.502
% Explotacións con viñedo para viño DOP (2/1)	18,2%	23,0%	35,8%
<b>VALDEORRAS</b>			
1. Total explotacións agrarias	881	786	10.292.021
2. Explotacións con viñedo para viño DOP	313	315	5.281.035
% Explotacións con viñedo para viño DOP (2/1)	35,5%	40,0%	51,3%
<b>TOTAL 5 DOP</b>			
1. Total explotacións agrarias	18.738	20.874	476.826.686
2. Explotacións con viñedo para viño DOP	3.659	4.645	66.592.938
% Explotacións con viñedo para viño DOP (2/1)	19,5%	22,3%	14,0%

**Fonte:** Elaboración propia a partir de INE, Microdatos Censo agrario de 2009.

<sup>7</sup> Estes datos a nivel municipal non están publicados; foron obtidos a partir dunha explotación orixinal dos microdatos do Censo agrario.

**Cadro 2.7. Número de afiliacións á Seguridade Social no sector agrario e estimación das correspondentes á viticultura. Concellos das 5 DOP vitivinícolas 2022**

	D.O.P. Ribeiro*	D.O.P. Rías Baixas	D.O.P. Valdeorras	D.O.P. Monterrei	D.O.P. Ribeira Sacra	Total 5 DOP
<b>Afiliacións á Seg. Social no sector agrario</b>						
2022/Marzo	360	3.714	286	282	2.416	<b>7.058</b>
2022/Xuño	409	3.703	291	285	2.412	<b>7.100</b>
2022/Setembro	426	3.665	277	305	2.420	<b>7.083</b>
2022/Decembro	336	3.541	251	262	2.324	<b>6.714</b>
1. Afiliacións no sector agrario; media anual 2022	383	3.653	276	284	2.393	<b>6.989</b>
2. % da man de obra agraria nas explotacións de viñedo de DOP (Censo agrario 2009)	52,3%	20,1%	40,0%	23,0%	17,6%	<b>22,3%</b>
3. Estimación das afiliacións na viticultura (1*2)	<b>200</b>	<b>734</b>	<b>111</b>	<b>65</b>	<b>421</b>	<b>1.558</b>

\* Excluído o concello de Ourense.

**Fonte:** Elaboración propia a partir de datos do IGE e cifras do cadro 2.6.

De acordo con eses cálculos, que deben tomarse só como unha aproximación, o emprego nas explotacións vitícolas das 5 DOP ascende a algo máis de 1.558 persoas. Delas, preto da metade corresponden a Rías Baixas (734), seguida neste caso da Ribeira Sacra (421) e O Ribeiro (200); quedando con cifras menores Valdeorras (111) e Monterrei (65) (cadro 2.7).

Integrando os datos parciais da viticultura e as adegas chégase finalmente á estimación recollida no cadro 2.8 sobre o peso en termos de emprego de cada unha das DOP. Os resultados poden resumirse así:

- As cinco DOP vitivinícolas xeran en conxunto preto de 2.858 postos de traballo directos, o que supón o 2,1% do emprego total nos seus territorios; porcentaxe esta que multiplica case por cinco a media galega (o peso da cadea vitivinícola no emprego de Galicia).
- A maior parte dese emprego (o 55%) corresponde á viticultura e o resto ás adegas.
- A metade aproximadamente dos postos de traballo xerados (uns 1.399) concéntranse na DOP Rías Baixas. Pero o peso relativo no emprego comarcal é aquí relativamente modesto (1,39%), debido a presenza de moitos concellos cun peso moi reducido do viñedo, maior diversificación da economía comarcal.



- O maior peso relativo do emprego derivado da DOP rexístrase no Ribeiro (5,41% do emprego da comarca). Seguido neste caso da Ribeira Sacra (4,10%) e de Valdeorras e Monterrei con porcentaxes do 3,02% e 2,86% respectivamente (cadro 2.8).

**Cadro 2.8. Estimación do emprego directo xerado polas actividades das DOP vitivinícolas e do seu peso no emprego total de cada territorio 2022 (afiliacións á Seguridade Social)**


	D.O.P . Ribeiro*	D.O.P . Rías Baixas	D.O.P . Valdeorras	D.O.P . Monterrei	D.O.P . Ribeira Sacra	Total 5 DOP
<b>Número de afiliacións á Seguridade Social</b>						
1. Viticultura	200	734	111	65	421	<b>1.558</b>
2. Adegas	239	665	122	70	205	<b>1.300</b>
<b>3. Emprego nas DOP (1+2)</b>	<b>439</b>	<b>1.399</b>	<b>233</b>	<b>135</b>	<b>626</b>	<b>2.858</b>
Emprego total	8.111	100.421	7.711	4.726	15.262	<b>136.230</b>
<b>% no emprego total de cada territorio</b>						
1. Viticultura	2,95%	0,73%	1,44%	1,38%	2,76%	<b>1,14%</b>
2. Adegas	2,47%	0,66%	1,58%	1,48%	1,34%	<b>0,95%</b>
<b>3. Emprego nas DOP (1+2)</b>	<b>5,41%</b>	<b>1,39%</b>	<b>3,02%</b>	<b>2,86%</b>	<b>4,10%</b>	<b>2,10%</b>

\* Excluído o concello de Ourense.

**Fonte:** Elaboración propia a partir dos cadros anteriores.

### 2.3. Recapitulación final

A modo de recapitulación, o gráfico 2.1 recolle as estimacións que obtivemos sobre o impacto económico directo de cada DOP no seu territorio, indicando a porcentaxe que supoñen no PIB e no emprego.






Globalmente as DOP vitivinícolas achegan o 1,9% do PIB e o 2,1% do emprego dos seus territorios, porcentaxes moi superiores ao peso da cadea vitivinícola no conxunto de Galicia. A dependencia relativa das actividades da DOP é especialmente elevada no Ribeiro, onde supoñen o 4,0% do PIB e o 5,4% do emprego. Mentres que, no extremo contrario, ese peso límitase ao 1,7% tanto do PIB e do 1,4% do emprego no conxunto dos concellos que forman hoxe o ámbito da DOP Rías Baixas.

Nunha posición intermedia e con cifras similares aparecen Monterrei e Valdeorras, en Monterrei a DOP xera ao redor do 3,3% do PIB e o 2,9% do emprego e en Valdeorras o 2,6% do PIB e o 3,0% do emprego. Finalmente, as estimacións para a **Ribeira Sacra** seguramente deben tomarse con especial cautela, posto que indican o **peso económico máis baixo da DOP (1,3% do PIB) e en cambio un notable peso en termos sociais (4,1% do emprego)** (gráfico 2.1).

**INFORME SECTORIAL DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA**

ISSN: 2792-3789

Autores: Edelmiro López Iglesias | José Manuel Andrade Calvo  
Alfonso Ribas Álvarez | Angela Fernández Piñeiro.



Fundación  
Juana de Vega